

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE BOLSAS DE COMEDOR, ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR E REALIZACIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PARA O ALUMNADO DOS CENTROS DOCENTES PÚBLICOS E CONCERTADOS SOSTIDOS CON FONDOS PÚBLICOS DE EDUCACIÓN INFANTIL (SEGUNDO CICLO) E DE EDUCACIÓN PRIMARIA OBRIGATORIA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA, PARA O CURSO 2016/2017

De conformidade coas competencias atribuídas ao municipio pola Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais lexislación vixente e, consonte o marco xurídico definido polo RD lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu regulamento e a Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, convócase a concesión de bolsas para comedor, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares para o alumnado dos centros docentes públicos e concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do Concello de Santiago de Compostela, de conformidade co previsto na base 2, por un importe de 360.000,00 €, dos cales, 144.000,00 € irán con cargo á partida orzamentaria 020 23100 48001/16 e os 216.000,00 € restantes á partida orzamentaria correspondente do orzamento xeral do 2017.

Para a concesión de bolsas para comedor escolar e para actividades extraescolares, por causas sobrevividas, que establece a Base 15, non se reserva importe ningún, tendo en conta o carácter experimental desta convocatoria aberta, prevista no artigo 59 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, xa que é difícil prever o volume de solicitudes que se poidan producir neste senso. En todo caso, dita concesión estará supeditada á existencia de crédito suficiente. O emprego desta posibilidade non poderá supoñer en ningún caso menoscabo dos dereitos dos solicitantes do período de orixe.

Non obstante, ditos importes poderán ser incrementados en función das solicitudes presentadas e de acordo coa dispoñibilidade de crédito, cando o aumento veña derivado como consecuencia dunha xeración, ampliación ou incorporación de crédito ou da existencia de remanentes doutras convocatorias financiadas con cargo ao mesmo crédito ou a créditos incluídos no mesmo programa ou en programas do mesmo servizo, que non requirirá dunha nova convocatoria, de conformidade co previsto no artigo 58 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que aproba o Regulamento da Lei xeral de subvencións.

A efectividade desta contía adicional, queda condicionada á declaración de dispoñibilidade de crédito como consecuencia das circunstancias antes sinaladas e, se for o caso, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Nestes casos publicarase a ampliación de crédito polos mesmos medios que esta convocatoria, sen que tal publicidade implique a apertura de prazo para presentar novas solicitudes nin o inicio dun novo cómputo de prazo para resolver.

A concesión destas bolsas farase consonte as seguintes BASES REGULADORAS:

1. OBXECTO

O obxecto da presente convocatoria é regular o procedemento para a concesión de bolsas de comedor, adquisición de material escolar e realización de actividades extraescolares ás unidades familiares e de convivencia do Concello de Santiago de Compostela que teñan menores de idade ao seu cargo escolarizados en centros docentes públicos ou concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do Concello de Santiago, e que estean matriculados ou teñan reserva de praza para o curso 2016/2017, de conformidade cos principios de publicidade, transparencia, concorrencia, obxectividade, igualdade e non discriminación.

2. MODALIDADES DE BOLSAS E FINALIDADE

2.1 Bolsas para unidades familiares e de convivencia con escaseza de recursos económicos

Estas bolsas están destinadas a aquelas unidades familiares e de convivencia que, por escaseza de recursos económicos, teñen dificultades ou non poden facer fronte aos gastos relacionados coa escolarización dos menores que teñen ao seu cargo, e poderán optar a tres tipos de bolsas:

2.1.1 Bolsas de comedor: destinadas a facer fronte ao custo do servizo de comedor. Estas bolsas concederanse só na modalidade de fixos mensuais, é dicir, de todos os días lectivos do mes, non sendo admisibles solicitudes para comedor na modalidade de fixos descontínuos nin esporádicos.

2.1.2 Bolsas para a realización de actividades extraescolares: destinadas a sufragar actividades educativas, deportivas, culturais e xuvenís que se realicen nos centros educativos sostidos con fondos públicos.

2.1.3 Bolsas para adquisición de material escolar, para o alumnado do segundo ciclo de Educación Infantil destinadas a sufragar o material necesario para o inicio e desenvolvemento do curso académico en función das obrigas de cada colexio e as súas técnicas de aprendizaxe (mandilón, chandal, papelería, material funxible, etc).

2.2. Bolsas para facilitar a conciliación da vida persoal, familiar e laboral das unidades familiares e de convivencia

Bolsas de comedor destinadas a sufragar o custo do comedor a aquelas unidades familiares ou de convivencia que teñan dificultades para conciliar a vida persoal, familiar e laboral. Estas bolsas concederanse só na modalidade de fixos mensuais, é dicir, de todos os días lectivos do mes, non sendo admisibles solicitudes para comedor na modalidade de fixos descontínuos nin esporádicos.

3. PERÍODOS SUBVENCIONABLES

Servizo de comedor:

- De setembro de 2016 a xuño de 2017 (ambos os dous incluídos)
- De non prestarse nos meses de setembro e xuño: de outubro de 2016 a maio de 2017 (ambos os dous incluídos).
- De non prestarse no mes de setembro: de outubro de 2016 a xuño de 2017 (ambos os dous incluídos).
- De non prestarse no mes de xuño: de setembro de 2016 a maio de 2017 (ambos os dous incluídos)

Realización de actividades extraescolares:

- De outubro de 2016 ata maio de 2017 (ambos os dous incluídos)

Adquisición de Material escolar:

- De setembro ata novembro de 2016.

4. BENEFICIARIAS

4.1. Terán a condición de beneficiarias as unidades familiares e de convivencia empadroadas no Concello de Santiago, con menores ao seu cargo escolarizados/as nos centros docentes públicos ou concertados do municipio sostidos con fondos públicos, que cursen Educación Infantil (segundo ciclo) ou Educación Primaria Obrigatoria.

4.2. Poderán solicitar estas axudas as nais, pais, titoras/es legais ou persoas encargadas da garda e protección dos menores ao que se refire o punto anterior.

4.3. Para os efectos desta convocatoria, considéranse membros computables da unidade familiar:

- a) Os cónxuxes ou titores/as legais, ou parellas de feito.
- b) Os fillos e fillas menores de idade.
- c) Os fillos ou fillas maiores de idade con discapacidade física, psíquica ou sensorial ou incapacitados xudicialmente, suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

Así mesmo, teranse en conta as seguintes circunstancias familiares:

Entenderase por familia monomarental ou monoparental, de conformidade co previsto na Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, a unidade familiar formada por unha única proxenitora ou proxenitor, con fillos/as menores ao seu cargo, que **non conviva** con outra persoa coa que manteña unha relación análoga á conxugal e sempre que o outro proxenitor/a **non contribúa economicamente ao seu sustento**, e acrediten esta situación mediante **sentenza de separación / divorcio (matrimonios)** ou **sentenza de garda, custodia e alimentos (para parellas de feito)**.

No caso de **custodia compartida**, achegaranse os datos económicos e laborais de ambos os dous proxenitores.

Os ingresos de todos os anteditos membros teranse en conta para determinar a situación económica da unidade de convivencia.

En ningún caso poderán ser destinatarios de bolsas de comedor os proxenitores/as privados/as da patria potestade dos seus fillos/as, ou se a tutela ou a garda dos menores fora asumida por unha institución.

5. REQUISITOS DAS FAMILIAS BENEFICIARIAS

As unidades de convivencia e familiares beneficiarias deberán cumprir os seguintes requisitos:

- Estar empradoadas e residir de forma efectiva no Concello de Santiago de Compostela.
- Convivir co/a menor ou menores para os que se solicita a bolsa.
- Estar matriculado/a ou ter reserva de matrícula para o curso 2016/2017.
- Non superar as **rendas máximas** establecidas nesta convocatoria, que son as seguintes:
 - ✓ Bolsas para unidades familiares e de convivencia con escaseza de recursos económicos: **renda per cápita anual: 6.390,13 €.**
 - ✓ Bolsas de conciliación: **renda máxima familiar anual: 22.365,46 €**
- Presentar a solicitude e documentación no prazo establecido nestas bases.
- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e sociais.
- Non estar incurso en ningunha das prohibicións establecidas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- No caso das bolsas de comedor, o/a menor ou menores para os que se solicita a bolsa deberán contar con praza de comedor, de non ser así aínda que sexa concedida a axuda non se fará efectiva.
- No caso de ter sido beneficiaria de bolsa de comedor escolar durante o curso pasado, ter satisfeito mensualmente a achega económica que correspondía aboar.

Os anteriores requisitos deberán reunirse ao remate do prazo de presentación de solicitudes e **manterse ao longo do curso escolar**.

6. OBRIGAS DAS UNIDADES FAMILIARES E DE CONVIVENCIA BENEFICIARIAS

Todas as unidades familiares e de convivencia beneficiarias destas bolsas teñen as seguintes obrigas:

- A persoa solicitante e os demais membros computables da unidade familiar autorizarán, de xeito expreso, ao Concello de Santiago de Compostela para recabar da Axencia Estatal da Administración Tributaria, de xeito telemático, os datos de carácter tributario necesarios para a determinación da renda da unidade familiar.
- Autorizar ao Concello de Santiago á recollida e tratamento de datos de carácter persoal dos membros da unidade familiar ou de convivencia, coa única finalidade de utilízalos para as xestións, procedementos e consultas derivadas da presentación desta solicitude e á cesión dos datos persoais que sexan estritamente necesarios para a xestión do pago das bolsas ás entidades colaboradoras previstas na base 7 desta convocatoria.
- Comunicar ao Departamento de Políticas Sociais calquera alteración das condicións que motivaron o outorgamento das bolsas.
- Estar ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e sociais.
- Someterse ás actuacións de comprobación, que efectúe o órgano concedente ou a entidade colaboradora, no seu caso, así como calquera outra de comprobación e control financeiro que poida realizar os órganos competentes, tanto nacionais coma comunitarios, achegando tanta información lles sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.
- Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e na base 19 desta convocatoria.

As unidades familiares e de convivencia beneficiarias das bolsas de comedor e das actividades extraescolares, terán, ademais, as seguintes obrigas:

- Utilizar o servizo de comedor e asistir ás actividades extraescolares, salvo causa xustificada.
- Autorizar ao Concello de Santiago de Compostela para ingresar o importe das bolsas que, no seu caso, sexan concedidas na conta bancaria da entidade colaboradora correspondente.
- Comunicar coa debida antelación ao servizo de comedor xestionado polo centro escolar, a ANPA ou empresa adxudicataria e/ou á organización das actividades extraescolares a/as ausencia/as dos/as menores que, por calquera causa xustificada se vaia producir, con indicación do/s día/s nos que terá lugar. No caso de non facelo, o Concello poderá revogar a bolsa de comedor.
- Comunicar ao Departamento de Políticas Sociais, a través do Rexistro Xeral do Concello, as baixas que soliciten no servizo de comedor ou nas actividades extraescolares.
- Cumprir as normas establecidas no Regulamento interno para o servizo de comedor.
- Aboar puntualmente a diferenza non financiada por este programa municipal existente entre o custo mensual do comedor e/ou das actividades extraescolares e a/s bolsa/s concedida/s.

7. ENTIDADES COLABORADORAS

Serán entidades colaboradoras os centros docentes públicos ou concertados sostidos con fondos públicos de educación infantil (segundo ciclo) e de educación primaria obrigatoria do Concello de Santiago de Compostela que xestionen directamente o servizo de comedor e as actividades extraescolares, as Asociacións de Nais e Pais (ANPAS) destes centros educativos que xestionen dito servizo e/ou actividades ou, no seu caso, a empresa adxudicataria para a prestación do servizo de comedor escolar e calquera entidade que realice a prestación de actividades extraescolares nos mencionados centros, que non estean incursas en ningún dos supostos de prohibición contidos no artigo 13 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

8. OBRIGAS DAS ENTIDADES COLABORADORAS

Son obrigas das entidades colaboradoras as seguintes:

- Cubrir e asinar debidamente a aceptación como entidade colaboradora na xestión de bolsas de comedor escolar **(anexo III)**
- Cubrir e asinar debidamente a aceptación como entidade colaboradora na xestión de bolsas de actividades extraescolares **(anexo IV)**
- Garantir o servizo de comedor e actividades extraescolares durante o curso escolar.
- Destinar os fondos percibidos do Concello para sufragar os gastos do servizo de comedor e/ou as actividades extraescolares.
- Comunicar as incidencias que se produzan do alumnado beneficiario ao Departamento de Políticas Sociais.
- Xustificar a entrega dos fondos percibidos ante o órgano concedente da subvención, unha vez rematado o curso escolar, cumprimentando a certificación, á que fai referencia a base 18 desta convocatoria.
- Encontrarse ao corrente no pagamento das súas obrigas tributarias e sociais.
- Someterse ás actuacións de comprobacións que respecto da xestión dos devanditos fondos poida efectuar o órgano concedente, así como calquera outra de comprobación ou control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto estatais coma comunitarios, para o que se achegará tanta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

9. SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

As solicitudes, que estarán a disposición das persoas interesadas na Concellaría de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde, na Oficina de Atención ao Cidadán e na páxina web www.santiagodecompostela.gal, formalizaranse segundo os modelos normalizados que se inclúen neste documento (anexo I e anexo II) e presentaranse debidamente cumprimentadas, xunto a documentación que se detalla na base 9.2, no Rexistro Xeral do Concello, rúa Presidente Salvador Allende, 2-4 ou no Rexistro auxiliar do Centro Sociocultural O Ensanche, rúa Frei Rosendo Salvado 14-16, baixo, así como nos órganos sinalados no artigo 38.4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro.

9.1 POLÍTICA DE PRIVACIDADE E PROTECCIÓN DE DATOS

De conformidade co disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, infórmaselles ás persoas solicitantes, que os seus datos serán tratados de xeito confidencial e incorporáranse a aos ficheiros automatizados do Concello de Santiago coa finalidade de xestionar as bolsas que se regulan nestas bases. Todos os datos solicitados son necesarios para atender a solicitude de ditas bolsas e o feito de presentarse á convocatoria presupón a autorización para o acceso a súa obtención, consulta e emisión de documentos.

Así, pois, as persoas solicitantes autorizan á recollida e tratamento dos seus datos de carácter persoal e os dos seus fillos e fillas menores de idade, que se incorporarán aos ficheiros automatizados do Concello de Santiago. Asimesmo, autorizan ao Concello de Santiago a incluír nas publicacións previstas nesta convocatoria os documentos de identidade das persoas solicitantes (NIF/NIE), e á cesión dos datos persoais que sexan estritamente necesarios para a xestión do pago das bolsas de comedor escolar e/ou das actividades extraescolares ás entidades colaboradoras previstas na base 7 desta convocatoria, para o que deberán asinar debidamente a folla num. 2 do anexo I destas bases reguladoras.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición poderán exercitarse mediante escrito perante o Rexistro Xeral do Concello de Santiago.

A reserva que as persoas solicitantes poidan facer no sentido de non autorizar a obtención, publicidade e cesión dos seus datos ou dos menores ao seu cargo que, en todo caso terá que se expresar por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso para a concesión de bolsas ou, noutro caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, ao reintegro do importe concedido.

9.2 DOCUMENTACIÓN

Á solicitude deberá achegarse a seguinte documentación:

- 9.2.1 Fotocopia do DNI/NIE, pasaporte, tarxeta ou permiso de residencia da persoa solicitante e de todas as persoas maiores de 16 anos que formen parte da unidade familiar.
- 9.2.2 Fotocopia completa do Libro de Familia ou, no seu defecto, a documentación oficial que o substitúa.
- 9.2.3 Fotocopia do Libro de Familia Numerosa, se é o caso.
- 9.2.4 A acreditación do empadronamento/convivencia recabarase de oficio polo Departamento de Políticas Sociais.
- 9.2.5 Xustificante do centro escolar no que conste que o alumnado para o que se solicita a bolsa está matriculado ou ten reserva de praza no centro para o curso 2016/2017.
- 9.2.6 No suposto de solicitar **bolsas de comedor ou bolsas de conciliación**, xustificante do centro escolar, Anpa ou empresa adxudicataria do servizo do comedor escolar, no que conste ter praza ou reserva de praza para o curso 2016/2017, con indicación do prezo estimado do servizo de comedor.
- 9.2.7 No suposto de solicitar **bolsas para actividades extraescolares**, xustificante do centro escolar, Anpa e/ou prestadores das actividades extraescolares no que conste ter praza ou reserva de praza para o curso 2016/2017
- 9.2.8 No suposto de solicitar **bolsa/s para material escolar** (só alumnado do 2º ciclo de Educación Infantil), as familias solicitantes deberán presentar a certificación da conta bancaria onde desexan que se realice a transferencia da contía deste tipo de bolsas.
- 9.2.9 Informe da vida laboral completo e actualizado emitido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social de cada un dos membros computables da unidade familiar. Só se admitirán aqueles que teñan una data como máximo de 1 mes anterior á data da convocatoria.
As persoas que teñan a condición de empregados da Administración Pública e a súa vida laboral réxase por entidades distintas á Seguridade Social (Muface, ISFAS, etc.) deberán de presentar certificación que substitúa á vida laboral.
- 9.2.10 No caso de que os maiores de 16 anos estean cursando estudos regrados presentarán certificado do centro de estudos no que se faga constar dita situación.
- 9.2.11 No caso de incompatibilidade por cuestións laborais ou formativas cos tempos de comedor (das 14:00 ás 16:00 h), certificado da empresa ou persoa empregadora ou da entidade formativa, que así o acredite. **Esta acreditación só se presentará no caso de solicitar bolsas para unidades familiares e de convivencia con escaseza de recursos económicos.** Se hai dous proxenitores ou conviventes, a incompatibilidade debe acreditarse por ambos.

Estes documentos **non son obrigatorios, pero serán necesarios se se quere acceder aos beneficios indicados na Base 12.1.A.8)**. Ao ter carácter voluntario non serán recollidos como documentación a subsanar na publicación

prevista na base 11 (subsanación e mellora das solicitudes), polo que **é responsabilidade da persoa solicitante achegalos no primeiro prazo de solicitude**, se se quere optar á puntuación prevista.

9.2.12 No supostos de solicitude de **bolsa/s para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral**, certificado de empresa ou da persoa empregadora, no que se faga constar a **xornada laboral semanal e o seu horario**, de cada un dos membros computables (pai, nai ou persoas que exerzan a tutela). Neste suposto, non será necesaria a presentación do certificado sinalado no parágrafo anterior.

9.2.13 No caso de discapacidade: fotocopia da certificación do grao de discapacidade cunha porcentaxe igual ou superior ao 33% ou, no seu caso, resolución ou certificado emitido pola Seguridade Social de pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou documentación acreditativa da condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou de retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.

9.2.14 En caso de acollemento, copia da resolución administrativa, auto xudicial e/ou contrato de acollemento.

9.2.15 En caso de existencia de violencia de xénero, nos últimos tres anos a contar desde a publicación desta convocatoria: acreditación da situación de violencia, segundo recolle o artigo 5 da Lei galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero (Lei 11/2007, do 27 de xullo)

9.2.16 Situación familiar dos pais e titores:

9.2.16.1) En caso de viuvez, certificado de defunción.

9.2.16.2) En caso de separación ou divorcio: copia da sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a custodia do/a menor, así como os xustificantes bancarios das achegas económicas establecidas (e actualizadas) en dita sentenza.

9.2.16.3) En caso separación de unións de feito con fillos recoñecidos no Libro de Familia: copia da sentenza de asignación da garda, custodia e alimentos, así como o xustificantes das achegas económicas establecidas (e actualizadas) en dita sentenza. De non achegarse ditos documentos entenderase que non existe separación de feito, polo que ambos os dous proxenitores deberán presentar todos os documentos laborais e económicos esixidos a cada membro da unidade familiar.

9.2.16.4) En **situacións de impago**, nos casos 9.2.14.2 e 3) anteriores, presentarase copia da solicitude de execución da sentenza presentada perante o xulgado ou xustificante de inicio das actuacións. De non presentar dita documentación, considerarase que se está recibindo a contía por pensións compensatorias ou de alimentos establecida inicialmente, computando esas cantidades como ingresos efectivos.

9.2.16.5) En caso de menores en situación de garda e custodia compartida: xustificantes de ingresos de ambos proxenitores.

9.2.16.6) En caso de acollemento dos/as menores por resolución administrativa ou auto xudicial: copia do certificado do organismo competente e, no seu caso, contía da remuneración que se perciba.

9.2.17 Impreso de autorización para a obtención de datos tributarios, exercicio fiscal 2014 de **todas as persoas da unidade familiar maiores de 18 anos (anexo II)**. É obriga das familias estar ao corrente dos seus datos fiscais ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) **As persoas non obrigadas a declarar presentarán tamén esta autorización.**

9.2.18 Xustificantes de ingresos:

9.2.18.1) Traballadores en activo

- a) Traballadores/as por conta allea: Fotocopia das seis últimas nóminas
- b) Traballadores/as autónomos/as: Fotocopia dos xustificantes das cotizacións á Seguridade Social e liquidacións dos pagos fraccionados dos últimos 12 meses.
(Teranse en conta como ingresos mínimos mensuais os da base de cotización á Seguridade Social)

9.2.18.2) Pensionistas

- a) Xustificante da pensión mensual
- b) As persoas perceptoras de pensións de incapacidade permanente total ou parcial deberán presentar a tarxeta de demandante de emprego actualizada.

9.2.18.3) Demandantes de emprego con prestación/subsidio

- a) Certificación de prestacións do SEPE (antigo INEM) dos últimos 6 meses, con indicación da contía mensual que corresponda e período recoñecido.
- b) Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego, que terá unha antigüidade mínima de 1 mes anterior á data da convocatoria.

9.2.18.4) Demandantes de emprego sin prestación

- a) Certificado do SEPE de non percibir axuda.
- b) Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego, que terá unha antigüidade mínima de 1 mes anterior á data da convocatoria.

9.2.18.5) Perceptores/as de RISGA

- a) Xustificante da contía mensual actual.
- b) Copia do documento de notificación da concesión.

9.2.18.6) Outras prestacións

Certificados emitidos polas administracións públicas correspondentes (Xunta, Seguridade Social, etc) relativos a calquera outras prestacións:

- Prestación por fillo/a a cargo
- Pensións non contributivas
- Salario da liberdade, etc.

No caso de que algúns dos documentos requiridos non poidan presentarse por impedimentos legais ou administrativos, alleos ao solicitante, poderán substituírse para a súa acreditación, por unha declaración responsable. En ningún caso esta declaración responsable substituirá a documentos de obrigada presentación e que deban obrar en poder das persoas solicitantes.

Cando coas solicitudes se presenten resgardos de ter solicitado algunha documentación necesaria para a tramitación do expediente, os documentos pendentes achegaranse, a través dos Rexistros municipais, en canto sexan recibidos e sempre antes de se redactar a proposta de resolución provisional.

10. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

As solicitudes presentaranse, **no prazo de 15 días naturais**, contados a partir do seguinte á publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

11. SUBSANACIÓN E MELLORA DAS SOLICITUDES

No suposto de que as solicitudes de iniciación non cumpran os requisitos establecidos nestas bases ou a documentación presentada fose incompleta, o Departamento Políticas Sociais **publicará** no taboleiro de anuncios do Concello, da Concellaría de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde, da Oficina de Atención ao Cidadán e na páxina web do Concello www.santiagodecompostela.gal a relación de solicitudes que deben ser emendadas, con indicación do número de identidade da persoa solicitante, para que no prazo de 10 días corrixan a falta ou acheguen os documentos preceptivos, indicándose que, se non o fixeran, se considerará que desistiron das súas peticións, previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cando se acredite que a persoa solicitante ten a condición de vítima da violencia de xénero con orde de protección, a publicación prevista nesta base substituírase pola notificación individual, cando así se solicite expresamente pola persoa interesada na súa solicitude, de conformidade co disposto no artigo 61 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común; e, en cumprimento da Lei orgánica de medidas de 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero e da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

12. CRITERIOS DE VALORACIÓN. BAREMOS

As solicitudes valoraranse segundo os seguintes baremos:

12.1 BOLSAS PARA UNIDADES FAMILIARES E DE CONVIVENCIA CON ESCASEZA DE RECURSOS ECONÓMICOS

As solicitudes de bolsas para familias con escaseza de recursos económicos, valoraranse tendo en conta os aspectos sociais, laborais e económicos dos compoñentes da unidade familiar, que sumadas conformarán a puntuación final.

A) Situación social e laboral da unidade familiar

1	Familia monomarental/monoparental, na que o proxenitor/a se encontre en situación de desemprego ou sexa perceptor/a de pensións ou salarios mínimos aos establecidos por lei, en relación ao IPREM: PNC, RISGA, xubilación, invalidez, incapacidade, etc. (Cando as pensións de invalidez ou incapacidade permitan o desenvolvemento doutras accións laborais remuneradas non se aplicará esta puntuación)	7 puntos
2	Situación de desemprego de ambos cónxuxes, titores ou acolletores	6 puntos
3	Familia monomarental/monoparental, na que o proxenitor/a se encontre empregado/a ou sexa perceptor/a de pensións contributivas de xubilación, incapacidade/invalidez cunha contía superior ás mínimas establecidas, en relación ao IPREM (Cando as pensións de invalidez ou incapacidade permitan o desenvolvemento doutras accións laborais remuneradas non se aplicará esta puntuación)	5 puntos
4	Familias numerosas con 4 fillos/as ou máis.	5 puntos
5	Familias numerosas con 3 fillos/as, ou 2 no caso de ter estes algunha minusvalía	4 puntos
6	Situación de desemprego dun cónxuxe, titor/a ou acolledor/a.	4 puntos
7	Situación de violencia de xénero no entorno familiar das e dos menores (Artigo 42 Lei 11/2007, galega para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero)	3 puntos

8	Incompatibilidade por cuestións laborais ou formativas cos tempos de comedor (das 14:00 ás 16:00 h). (Esta puntuación non será aplicable para os casos de solicitar bolsas de comedor para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral previstas na base 2)	2 puntos
---	--	----------

B) Situación social do/a menor

A situación social do/a menor acreditarase, de ser o caso, mediante informe técnico emitido de oficio polo persoal do Departamento de Políticas Sociais, cando se precise obter máis datos da unidade familiar, ou cando, tras unha primeira valoración, se aprecien motivos de risco social para o/a menor ou menores

- Situación de risco social da/do menor: 5 puntos.
- Familia con carencia de recursos persoais, habilidades: 3 puntos.

C) Situación económica da unidade familiar: renda per cápita anual (RPCA)

1. Enténdese por **renda per cápita anual** da unidade familiar, os ingresos netos anuais divididos polo número de membros da unidade familiar de convivencia prevista na Base 4 desta convocatoria.
2. Nesta convocatoria, para os efectos de determinar a RPCA, teranse en conta a declaración da renda do exercicio fiscal de 2014, computándose os importes contidos nas casas 430 e 445 (base imponible xeral máis a base imponible de aforro) de cada declaración.

Nos casos en que a capacidade económica das unidades familiares ou de convivencia experimentase unha deterioración significativa en relación coa que consta na declaración da renda do exercicio de 2014, as persoas interesadas terán que **manifestar esta circunstancia na súa solicitude** e acreditar a nova situación económica achegando a documentación que corresponda da prevista na base 9.2.

A renda familiar obterase por agregación das rendas de cada un dos membros computables que obteñan ingresos de calquera natureza.

3. Para os efectos do cálculo da renda per cápita, **computarán por dous** os membros da unidade familiar que figurando na solicitude teñan unha discapacidade igual ou superior ao 33%, e acrediten unha pensión de incapacidade permanente nos graos de total, absoluta ou gran invalidez ou que teñan recoñecida a condición de pensionista de clases pasivas cunha pensión de xubilación ou retiro por incapacidade permanente para o servizo ou inutilidade.
4. No caso de separación ou divorcio con custodia compartida acreditada mediante sentenza xudicial, as rendas de ambos os dous proxenitores inclúiranse dentro do cómputo de renda familiar.
5. No caso de familias monoparentais, terá a consideración de membro computable o novo cónxuxe ou persoa unida por análoga relación e as rendas desta inclúiranse dentro do cómputo da renda familiar.
6. Segundo o establecido nos artigos 38 e 42 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no contorno familiar, quedarán excluídos del cómputo das rendas os ingresos do agresor, considerándose a familia como monoparental.

BAREMO ECONÓMICO

1	< 0,50 veces o IPREM * (menor o igual a 3.195,06 €)	12 puntos
2	Entre 0,50 e 0,55 veces o IPREM (3.195,07 e 3.514,57 €)	10 puntos
3	Entre 0,55 e 0,60 veces o IPREM (3.514,58 e 3.834,07 €)	8 puntos
4	Entre 0,60 e 0,65 veces o IPREM (3.834,08 e 4.153,58 €)	6 puntos
5	Entre 0,65 veces o IPREM e o IPREM (4.153,59 € e 6.390,13 €)	4 puntos
6	Superior a 6.390,13 €	0 puntos

IPREM (Indicador Público de Renda de Efectos Múltiples) anual para 2016 (BOE 260 do 30/10/2015): 12 pagas, 6.390,13 €/ano; 14 pagas, 7.455,14 €/ano.

12.2 BOLSAS PARA A CONCILIACIÓN DA VIDA PERSOAL, FAMILIAR E LABORAL

BAREMO ECONÓMICO: Renda familiar máxima/anual: 22.365,46 €

Para a concesión destas bolsas terase en conta, ademais da renda sinalada e os demais requisitos establecidos nesta convocatoria, o maior e menor número de horas da xornada laboral semanal, consonte os seguintes criterios:

- Actividade laboral cunha xornada semanal igual ou superior a 35 horas: 2 puntos por cada membro que cumpra a condición (pai, nai ou persoas que exerzan a tutela), no caso de familia monoparental a puntuación será de 4.
- Actividade laboral dunha xornada semanal de menos de 35 horas: 1 punto por cada membro que cumpra a condición (pai, nai ou persoas que exerzan a tutela) no caso de familia monoparental a puntuación será de 2.

Para esta modalidade de bolsas de comedor, non serán de aplicación os criterios de valoración establecidos na base 12.1, agás a puntuación recollida nos apartados 4, 5 e 7 da base 12.1.A) desta convocatoria, polo que a puntuación máxima que se pode acadar para a obtención desta modalidade de bolsa é de 12 puntos e a mínima de 2 puntos.

13. CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN

13.1. Concesión de bolsas para unidades familiares e de convivencia con escaseza de recursos económicos

Concederanse bolsas polo seguinte importe ás familias que obteñan maior puntuación, como resultado da suma dos baremos A), B) e C) do apartado anterior:

- ✓ Bolsas de comedor: ata un máximo de 90 Euros/ mes (10 meses, setembro-xuño)
- ✓ Bolsas de realización de actividades extraescolares: ata un máximo de 30 Euros/mes (8 meses, outubro-maio)
- ✓ Bolsas de adquisición de material escolar: ata un máximo de 60 Euros (pago único)

En ningún caso o importe da bolsa recibida pode superar o 100 % do custo do servizo, actividade e/ou material subvencionado. **As familias que obteñan unha puntuación inferior a 12 puntos, non terán dereito á bolsa.** En todo caso, a concesión das bolsas estará suxeita á existencia do crédito orzamentario correspondente.

En caso de empate no número de puntos obtidos e para adxudicar a bolsa terase en conta a puntuación acadada nos seguintes criterios:

- Maior número de beneficiarios por solicitante. Terán preferencia as solicitudes para dous ou máis irmáns.
- Maior puntuación no apartado C), da base 12.1, situación económica da unidade familiar.
- Maior puntuación no apartado A), da base 12.1, situación social e laboral da unidade familiar.
- Maior puntuación no apartado A), da base 12.1, situación social do menor.

Aquelas familias que obteñan unha puntuación de 12 ou máis puntos e, non resulten beneficiarias de bolsa de comedor ou de bolsa de actividades extraescolares, dado que a totalidade de bolsas concedidas ás familias con maior puntuación supere o crédito orzamentario asignado a esta convocatoria, quedarán en **lista de agarda**, que irá de maior a menor puntuación. Unha vez que se produza unha baixa, renuncia ou desestimento dunha bolsa concedida, dita bolsa concederáse á familia en lista de agarda que teña maior puntuación, sempre que exista crédito orzamentario suficiente.

13.2 Bolsas de comedor para a conciliación da vida persoal, familiar e laboral.

Concederanse ata 50 bolsas, por importe de 45,00 euros/mes, a aquelas unidades familiares e de convivencia que obteñan maior puntuación, segundo os criterios de valoración establecidos na base 12.2 desta convocatoria.

En caso de empate no número de puntos obtidos e para adxudicar a bolsa terase en conta a puntuación acadada nos seguintes criterios:

1. Maior número de beneficiarios por solicitante. Terán preferencia as solicitudes para dous ou máis irmáns.
2. Maior xornada laboral.

De persistir o empate, a orde de prioridade asignarase atendendo á renda per cápita da familia, adxudicándose as bolsas por orde inverso á magnitude de dita renda, xa que logo terase en conta a renda máis baixa.

Aquelas familias que obtendo puntuación suficiente non resulten beneficiarias de bolsa de comedor ningunha, dado que a totalidade de bolsas concedidas ás familias con maior puntuación supere o crédito orzamentario asignado a esta convocatoria, quedarán en **lista de agarda**, que irá de maior a menor puntuación. Unha vez que se produza unha baixa, renuncia ou desistimento dunha bolsa concedida, dita bolsa concederáse á familia en lista de agarda que teña maior puntuación, sempre que exista crédito orzamentario suficiente.

14. INSTRUCCIÓN DO PROCEDEMENTO E CONCESIÓN DAS BOLSAS

As bolsas obxecto desta convocatoria tramitaranse en réxime de concorrencia competitiva, comparando as solicitudes presentadas e establecendo unha prelación entre elas, consonte os criterios de valoración establecidos nestas bases. A súa concesión corresponderá a unha Comisión Avaliadora, nomeada para tal efecto pola concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidades e Saúde, entre o persoal dos diferentes servizos da Área de Políticas Sociais, e da que formará parte como secretario, o vicesecretario municipal ou funcionario/a no que delegue. O/a secretario/a redactará a correspondente acta de cada sesión da comisión.

O Departamento de Políticas Sociais será o órgano competente para a instrución do procedemento, comprobará que as solicitudes reúnen os requisitos establecidos nesta convocatoria, segundo o disposto na base 11, e avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios de valoración que se establecen nas bases 12, 12.1 e 12.2, e deberá verificar o cumprimento das condicións impostas nestas bases para adquirir a condición de beneficiaria, para o que poderá pedir cantos informes estime necesarios para resolver, e fará constar que da información que obra no seu poder se desprende que as beneficiarias cumpren os requisitos necesarios para acceder ás bolsas.

Rematada a instrución do procedemento, o expediente remitiráselle á antedita Comisión de Avaliación, para que emita o seu informe, no que se concretará o resultado da avaliación.

O órgano instructor, á vista do expediente e do informe da antedita comisión, formulará a proposta de resolución provisional, debidamente motivada, que incluírá: a relación de solicitudes presentadas, con indicación do número do documento de identidade

da persoa solicitante, o número de puntos acadados, o número de bolsas concedidas, no seu caso, e o importe destas. Así mesmo, recollerá, as solicitudes denegadas, cos motivos da súa desestimación, e/ou as que, no seu caso, pasen a conformar as listas de agardas previstas nas bases 13.1 e 13.2. Esta resolución provisional **publicarase no taboleiro de edictos do Concello, da Concellaría de Políticas Sociais, Saúde e Diversidades, da Oficina de Atención ao Cidadán e na páxina web do Concello (www.santiagodecompostela.gal)**, para os efectos de reclamacións, concedéndose un **prazo de 10 días**, a contar desde a data da publicación, para que as persoas interesadas poidan presentar as alegacións ou os documentos que estimen convenientes.

Examinadas as alegacións polo órgano instructor, someteranse á Comisión Avaliadora para que emita o seu informe, e de conformidade con este, formulará a proposta de resolución definitiva que se elevará á aprobación da Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local ditará resolución motivada segundo o disposto nestas bases e consonte a proposta de resolución. O seu acordo porá fin á vía administrativa e **publicarase na mesma forma que a resolución provisional**.

Dita publicación substituirá á notificación individual, nos termos que establecen os artigos 59.6 e 60 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, sen prexuízo do disposto no artigo 61, relativo á indicación de notificacións e publicacións.

Tanto as listaxes da resolución provisional como as definitivas publicaranse unicamente co número do documento de identidade das persoas solicitantes para salvagardar a súa identidade e a do alumnado beneficiario.

Exclusión dos listados: Cando a nai, titora ou representante legal teñan a condición de vítima de violencia de xénero, e consideren que non se recolla na publicación das listaxes o centro escolar ao que pertence o alumnado beneficiario, deberán de solicitalo expresamente na solicitude.

Esta situación acreditarase mediante a orde de protección ou calquera outro dos medios previstos no artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

15. BOLSAS PARA COMEDOR ESCOLAR E/OU ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES POR CAUSAS SOBREVINDAS

Poderán admitirse solicitudes ao longo de todo o curso escolar, dado el carácter desta convocatoria aberta prevista no artigo 59 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, cando concurra algunha das seguintes circunstancias:

- a) Traslado de residencia ou centro escolar dende outro municipio, o que deberá acreditarse coa presentación do certificado escolar, inscrición no padrón municipal ou outra documentación suficientemente xustificativa.
- b) Situacións de violencia de xénero, que deberá acreditarse mediante a documentación xudicial correspondente.
- c) Cambios na situación sociofamiliar que teñan como consecuencia o risco social das/dos menores, que será valorado e xustificado mediante informe técnico municipal descritivo da devandita situación. Non se considerarán causas sobrevividas os cambios das circunstancias laborais, económicas ou familiares que se produzan con posterioridade ao peche da convocatoria que non deriven das circunstancias indicadas.

Estas solicitudes presentadas por causa sobrevinda deberán cumprir os mesmos requisitos previstos nesta convocatoria e achegar toda a documentación preceptiva, no prazo máximo de quince días dende que a se produza a causa sobrevinda. Ademais, mediante cita previa, as persoas solicitantes deberán acudir á súa Unidade de Traballo Social (UTS) de referencia para que a posible situación sobrevinda sexa valorada polo persoal técnico dos servizos sociais municipais, que emitirán informe acreditativo do cumprimento dos requisitos que se achegará á solicitude.

Unha vez recibida, e se é insuficiente ou está incompleta, requirirase á persoa interesada para que nun prazo de 15 días hábiles emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Transcorrido ese prazo sen que a persoa interesada tivese procedido á emenda correspondente, a devandita solicitude entenderase desestimada previa resolución que deberá ser ditada nos termos previstos no artigo 42 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común..

Para a concesión de bolsas para comedor escolar e para actividades extraescolares, por causas sobrevindas, non se reserva importe ningún, tendo en conta o carácter experimental desta convocatoria aberta que fai difícil prever o volume de solicitudes que se poidan producir neste senso. En todo caso, dita concesión estará supeditada á existencia de crédito suficiente.

Para a concesión destas bolsas constituírase unha comisión de seguimento formada polos membros da Comisión de Avaliación á que fai referencia a Base 14 desta convocatoria, que avaliará as solicitudes de conformidade cos criterios de valoración que se establecen ns Bases 12 para que emita o seu informe, no que se concretará o resultado da avaliación destas solicitudes. A súa resolución corresponde á Xunta de Goberno Local, previo trámite de audiencia aos interesados, de conformidade co artigo 84 da Lei 30/1992, do 26 de novembro.

16. INCIDENCIAS PRODUCIDAS DESPOIS DA RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA

Calquera incidencia sobrevida que se produza despois da resolución desta convocatoria resolverase pola Xunta de Goberno Local, previa presentación da solicitude e a documentación que acredite dita incidencia no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera dos rexistros auxiliares previstos na base 9.

O traslado de centro escolar ao longo do curso dentro do municipio non supón para o alumnado beneficiario a perda das bolsas, sempre e cando, no novo centro exista dispoñibilidade de prazas.

A renuncia a calquera modalidade de bolsa deberá formalizarse mediante escrito, en cumprimento do establecido na Base 6 desta convocatoria, que se presentará nos anteditos rexistros, sen prexuízo, da obriga de comunicalo coa debida antelación ás entidades colaboradoras prestadoras destes servizos. O incumprimento destes trámites poden dar lugar á revogación total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora, sen menoscabo das sanción que, de ser o caso, resulten esixibles.

17. COMPATIBILIDADE DAS AXUDAS

As bolsas concedidas a través desta convocatoria serán compatibles con outras axudas ou subvencións, para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou de entes públicos nacionais, da Unión Europea ou de organismos internacionais, sempre que o importe total de todas elas non supere o custo total correspondente.

18. PAGAMENTO DAS BOLSAS E XUSTIFICACIÓN

18.1. Bolsas de comedor e actividades extraescolares

O Concello de Santiago de Compostela aboará mensualmente as contías das bolsas concedidas ás entidades colaboradoras, previa autorización da nai/pai/titor/a ou persoa acoledora, no momento de formalizar a súa solicitude, **debendo as familias**

beneficiarias aboar mensualmente a diferenza sobre o custo de comedor e/ou das actividades extraescolares que lles corresponda.

A contía destas bolsas pagarase a mes vencido á conta bancaria da entidade colaboradora (centro escolar, Anpa ou empresa adxudicataria do servizo de comedor e/ou das actividades extraescolares).

As entidades colaboradoras emitirán dúas certificacións ao longo do curso escolar nas que se fará constar a utilización do servizo de comedor e/ou a asistencia ás actividades extraescolares por parte do alumnado beneficiario, e a aplicación dos fondos recibidos ao pagamento do servizo de comedor e/ou das actividades extraescolares.

A primeira certificación, no caso das bolsas de comedor, xustificará os fondos das axudas concedidas para o período setembro-décembro de 2016; e, no caso de actividades extraescolares, das axudas concedidas para o período de outubro a decembro de 2016. Estas certificacións deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello antes do 21 de decembro de 2016 ou en calquera dos rexistros auxiliares previstos na base 9 desta convocatoria.

A segunda certificación emitirase á finalización do curso, e xustificará os fondos das axudas concedidas para bolsas de comedor durante o período comprendido entre xaneiro e xuño de 2017; e, no caso de actividades extraescolares, das axudas concedidas para o período comprendido entre xaneiro e maio de 2017. Dita certificación deberá presentarse no Rexistro Xeral do Concello ou en calquera dos rexistros auxiliares previstos na base 9 desta convocatoria, antes do 30 de xuño de 2017.

18.2. Bolsas para a adquisición de material escolar

O Concello de Santiago de Compostela aboará nun pago único á contía da bolsa concedida para a adquisición de material escolar por medio de transferencia bancaria ás unidades familiares e de convivencia beneficiarias.

Ditas unidades familiares e de convivencia deberán presentar as facturas orixinais dos gastos pola adquisición do material escolar, con data límite o 31 de outubro de 2016, no Rexistro Xeral do Concello. O pago realizarase unha vez aprobada a xustificación correspondente das facturas presentadas.

19. REVOGACIÓN E RÉXIME SANCIONADOR

1. Procederá a revogación das bolsas de comedor concedidas nos seguintes supostos:

- a) Non destinar a bolsa á finalidade para a que foi concedida.
- b) Incumprimento por parte do/a beneficiario/a da bolsa de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que motivaron o seu outorgamento.
- c) A ocultación de información se esta motivou a concesión das bolsas.
- d) A falla de asistencia inxustificada continuada e/ou intermitente ao centro escolar e ao comedor e/ou actividades extraescolares durante 15 días naturais.
- e) O incumprimento polo alumnado das normas establecidas, para o servizo de comedor e/ou as actividades extraescolares, polo centro educativo ao que pertenza.

Estas circunstancias darán lugar á revogación total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora, sen menoscabo das sanción que, de ser o caso, resulten esixibles.

2. Todas as demais causas de reintegro que contén o título II, da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

3. Tanto as causas coma o procedemento de reintegro, infraccións e sancións rexerase polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos contidas na Lei 30/1992, sen prexuízo das especialidades que establece a normativa vixente en materia de subvencións públicas.

20. RÉXIME DE RECURSOS

Contra as presentes bases e cantos actos administrativos se deriven das mesmas, os interesados poderán interpoñer os recursos previstos no Título VII da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común ou calquera outro adecuado a dereito.

- ANEXO I -

DATOS DA PERSOA SOLICITANTE (pai, nai, titor/a ou persoa acoledora)

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME
DNI/NIE	ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL
TELÉFONO	CORREO ELECTRÓNICO	

DATOS DO ALUMNADO E MODALIDADE/S DE BOLSAS QUE SE SOLICITAN

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME
CENTRO ESCOLAR	MODALIDADE DE BOLSA QUE SOLICITA	
	2.1.1 Comedor	☐
	2.1.2 Actividades Extraescolares	☐
	2.1.3 Adquisición material escolar	☐
	2.2 Conciliación (comedor)	☐

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME
CENTRO ESCOLAR	MODALIDADE DE BOLSA QUE SOLICITA	
	2.1.1 Comedor	☐
	2.1.2 Actividades Extraescolares	☐
	2.1.3 Adquisición material escolar	☐
	2.2 Conciliación (comedor)	☐

1º APELIDO	2º APELIDO	NOME
CENTRO ESCOLAR	MODALIDADE DE BOLSA QUE SOLICITA	
	2.1.1 Comedor	☐
	2.1.2 Actividades Extraescolares	☐
	2.1.3 Adquisición material escolar	☐
	2.2 Conciliación (comedor)	☐

A/o solicitante DECLARA

1. Que todos os datos contidos nesta solicitude e nos documentos que se achegan son certos, que non se omite ningún dato, que coñece as posibles responsabilidades existentes nos supostos de ocultación, falseamento ou por calquera outra actuación fraudulenta.
2. Que autoriza ao Concello de Santiago para ingresar a contía das bolsas de comedor escolar (2.1.1 e/ou 2.2) e/ou de actividades extraescolares (2.1.2), no caso de resultar beneficiaria, á conta bancaria da entidade colaboradora que proceda, segundo o caso.
3. Que está ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e sociais.
4. Que reúne os requisitos esixidos e acepta todos os termos incluídos nesta convocatoria, polo que SOLICITA a/as bolsa/as que se regulan naquela.

Sinatura da persoa solicitante:

Santiago de Compostela, , de de 2016

Folla 1

CUBRIR E ASINAR FOLLAS 1 E 2 DESTE ANEXO I

Consonte o disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Santiago relacionados con este trámite, coa finalidade de utilizalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia o interesado con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

COMPOSICIÓN DA UNIDADE FAMILIAR

Nome e apelidos	NIF/NIE	Estado civil	Data nacemento	Parentesco c/ solicitante	Situación laboral	Sinatura
				SOLICITANTE		

AS PERSOAS ASINANTES NA TÁBOA ANTERIOR,

DECLARAN BAIXO RESPONSABILIDADE SOLIDARIA:

1. Que aceptan a totalidade das bases desta convocatoria.
2. Que, no caso de resultar beneficiario/a dalgunha modalidade das bolsas establecidas, cumprir con todas as obrigas establecidas nas bases desta convocatoria.
3. Que se encontran ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e sociais.

AUTORIZAN consonte o disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal e a base 9.1 desta convocatoria, á recollida e tratamento dos seus datos de carácter persoal e os dos seus fillos e fillas menores de idade, que se incorporarán aos ficheiros automatizados do Concello de Santiago. Asimesmo, autorizan ao Concello de Santiago á cesión dos datos persoais que sexan estrictamente necesarios para a xestión do pago das bolsas de comedor escolar e/ou de actividades extraescolares ás entidades colaboradoras previstas na base 7 desta convocatoria.

Os dereitos de acceso, rectificación, cancelación ou oposición poderán exercitarse mediante escrito perante o Rexistro Xeral do Concello de Santiago.

A reserva que as persoas solicitantes poidan facer no sentido de non autorizar a obtención ou publicidade dos seus datos ou dos menores ao seu cargo que, en todo caso terá que se expresar por escrito, poderá dar lugar á exclusión do proceso para a concesión de bolsas de comedor escolar ou, no seu caso, á revogación do acto de outorgamento e, se procede, o reintegro do importe concedido.

Santiago de Compostela, _____ de _____ de 2016

- ANEXO II -

A/s persoa/a abaixo asinantes autoriza/n ao Concello de Santiago a solicitar da Axencia Estatal de Administración Tributaria, información de natureza tributaria para o recoñecemento, seguimento e control da convocatoria de bolsas de comedor escolar, para o curso 2016/2017.

A presente autorización outórgase para os efectos de recoñecemento, seguimento e control das devanditas axudas, e en aplicación do disposto na Disposición adicional cuarta da Lei 40/1998, que mantén a súa vixencia tras a entrada en vigor do Real decreto lexislativo 3/2004, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do imposto sobre a renda das persoas físicas, e o artigo 95.1 k) da Lei 58/2003, xeral tributaria, que permiten, previa autorización do interesado, a cesión dos datos tributarios que precisen as Administracións públicas para o desenvolvemento das súas funcións.

INFORMACIÓN TRIBUTARIA AUTORIZADA : DATOS SOBRE A RENDA DAS PERSOAS FÍSICAS DO EJERCICIO 2014

1. DATOS DA PERSOA SOLICITANTE QUE OUTORGA ESTA AUTORIZACIÓN

Apellidos e nome:	
NIF/NIE	Sinatura

2. DATOS DOUTROS MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR CUXOS INGRESOS SON COMPUTABLES PARA O RECOÑECEMENTO, SEGUIMENTO E CONTROL DA AXUDA

Parentesco co/a solicitante	Nome e apelidos	NIF/NIE	Sinatura

Santiago de Compostela, _____ de _____ de 2016

- ANEXO III -

ACEPTACIÓN DE PARTICIPACIÓN COMO ENTIDADE COLABORADORA NA XESTIÓN DE BOLSAS DE COMEDOR

DATOS DO CENTRO, ANPA OU EMPRESA PRESTADORA DO SERVIZO DE COMEDOR

D/DONA		REPRESENTANTE CENTRO ESCOLAR, ANPA OU EMPRESA	
CIF	ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL	
TELEFÓNO	CORREO ELECTRÓNICO		

Acepta participar como entidade colaboradora na xestión das BOLSAS DE COMEDOR ESCOLAR desta convocatoria e con esta sinatura asume todas as obrigas establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, así como as establecidas na propia convocatoria.

Lugar, data, sinatura e selo da entidade
Santiago de Compostela, , de de 2016
O/A representante
Asdo.: _____

- ANEXO IV -

ACEPTACIÓN DE PARTICIPACIÓN COMO ENTIDADE COLABORADORA NA XESTIÓN DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

DATOS DO CENTRO, ANPA OU EMPRESA PRESTADORA DO SERVIZO DE ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

D/DONA		REPRESENTANTE CENTRO ESCOLAR, ANPA OU EMPRESA	
CIF	ENDEREZO	CÓDIGO POSTAL	
TELEFÓNO	CORREO ELECTRÓNICO		

Acepta participar como entidade colaboradora na xestión das bolsas de ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES desta convocatoria e con esta sinatura asume todas as obrigas establecidas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, así como as establecidas na propia convocatoria.

Lugar, data, sinatura e selo da entidade Santiago de Compostela, , de de 2016 O/A representante Asdo.: _____
--